

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 14 DE ABRIL DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da rúa Calvo Sotelo, integrada por uns treitos das estradas autonómicas C-535 (Becerreá- Vendas de Narón, de 530 m de lonxitude), LU-636 (p.q. 0 + 530 ao 0 + 830) e LU-633 (p.q. 47 + 770 ao 49 + 070) a prol do Concello de Sarria.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se establece a ordenación das funcións do control metrolóxico do estado que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia e se aproba o regulamento de vixilancia e inspección de instrumentos sometidos a control metrolóxico.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE) en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello do Irixo, para a mellora do contorno urbano dos núcleos do Irixo e Dadín, por importe de trescentos mil euros (300.000,00 euros).

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Bande, para a execución da obra de renovación da rede de abastecemento en Bande. Concello de Bande (Ourense), clave OH.232.765, por importe de trescentos vinte e dous mil trescentos corenta e tres euros con corenta e cinco céntimos (322.343,45 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vimianzo, para a execución da obra de captación de auga para reforzo abastecemento do polígono industrial. Concello de Vimianzo (A Coruña), clave OH.215.972, por importe de trescentos sesenta e catro mil douscentos oitenta e catro euros con trinta e sete céntimos (364.284,37 euros).
- Acordo polo que se aproba o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a execución da obra de mellora das estacións depuradoras de augas residuais. Concello de Campo Lameiro (Pontevedra)", clave OH.336.994, por importe de douscentos trinta e cinco mil novecentos cincuenta e catro euros con corenta e tres céntimos (235.954,43 euros).
- Acordo polo que se aproba o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a execución da obra de abastecemento a Castelo, Restande e Monzo. Fase I. Concello de Trazo (A Coruña)", clave OH.215.968, por importe de douscentos trinta e catro mil catrocentos dezaioito euros con corenta céntimos (234.418,40 euros).
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de once millóns setecentos once mil cento trinta e seis euros con cincuenta e un céntimos (11.711.136,51 euros) da obra de conservación ordinaria e vialidade invernal da zona norte da provincia de Pontevedra.
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de doce millóns trescentos corenta e un mil cincocentos noventa e catro euros con cincuenta e nove céntimos (12.341.594,59 euros) da obra de conservación ordinaria e vialidade invernal da zona sur da provincia de Pontevedra.

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto de gasoduto de transporte básico Mariña Lucense (Ribadeo-Viveiro) (concellos de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove e Viveiro) como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

---

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña para a realización do programa de posgrao de especialización en coidados paliativos, por un importe de cento cincuenta e dous mil trinta e oito euros (152.038,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a creación da Comisión Técnica Asesora da Biblioteca Virtual do Sistema Público de Saúde de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, mediante a modalidade de concesión, da xestión de centros de reeducación de menores dos cales é titular a Xunta de Galicia, para o cumprimento de medidas xudiciais ao abeiro da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. exp.59/10. Importe: tres millóns trescentos trinta e seis mil catrocentos sesenta e cinco euros (3.336.465,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, mediante a modalidade de concerto, da execución de medidas xudiciais en medio aberto de menores infractores ao abeiro da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores a través de centros de intervención educativa en medio aberto (CIEMA), exp. 60/10. Importe: seiscentos catro mil cincocentos euros (604.500,00 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto da liña de interconexión do Parque Eólico de Catoira sobre a que cualifica os montes veciñais en man común como terreos de titularidade das comunidades de montes de San Miguel de Catoira e San Mamede de Abalo, ambas no Concello de Catoira, e San Pedro de Cea, no Concello de Vilagarcía de Arousa.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre lingua galega e linguas estranxeiras na Escola Galega de Administración Pública no ano 2011.

---

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a adxudicación das obras de construción do Auditorio de Lugo.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o gasto farmacéutico.
- Informe sobre o programa de pacientes polimedicados.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre o evento #NeThinking na illa de San Simón. A súa relación co posicionamento estratéxico e o desenvolvemento do proxecto Illa do Pensamento.

---

## A XUNTA TRANSFERIRÁ AO CONCELLO DE SARRIA A RÚA CALVO SOTELO LOGO DUN INVESTIMENTO DE CASE 900.000 EUROS, QUE SERÁ ASUMIDO POR AMBAS AS ADMINISTRACIÓNS

- *A Dirección Xeral de Infraestruturas estima axeitado o cambio de titularidade de máis de 2 quilómetros desta rúa, tendo en conta que adquiriu características netamente urbanas*
- *Antes de formalizar o cambio realizaranse obras de renovación do pavimento da calzada construción de beirarrúas e mellora dos servizos urbanos*
- *O Concello de Sarria, a partir da formalización da entrega, encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade ao Concello de Sarria da rúa Calvo Sotelo, que ten unha lonxitude de máis de dous quilómetros, logo dun investimento de preto de 900.000 euros, que será asumido a partes iguais por ambas as administracións para o acondicionamento e a mellora dos servizos urbanos desta vía.

A rúa Calvo Sotelo está conformada por tres tramos de estradas de titularidade autonómica que adquiriron características netamente urbanas.

Estrada	Denominación	Treito	Lonxitude
C-535	Becerreá -Vendas de Narón		530 m.
LU-636	Sarria-Becerreá	0 + 530 ao 0 + 830	300 m
LU-633	Pedrafita - Alto do Hospital	47 + 770                      ao 49 + 070	1.300

Esta decisión dá cumprimento a unha das cláusulas recollidas nun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Sarria.

A Dirección Xeral de Infraestruturas estima axeitado o cambio de titularidade dos treitos mencionados, que suman unha lonxitude de 2.130 metros, tendo en conta que adquiriu características netamente urbanas e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.

A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

### **Actuacións**

O Concello de Sarria, a partir da formalización da entrega, encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Antes de facer o cambio de titularidade, levaranse a cabo as obras de adecuación como é a renovación do pavimento da calzada, construción de beirarrúas e a sinalización da estrada, mellorando así os servizos urbanos e resto de obras complementarias.

Deste xeito, axéitanse as súas características a unhas maiores cotas de comodidade e seguridade viaria, tanto para peóns como tránsito rodado. A execución destas actuacións redundará no desenvolvemento do municipio e no benestar dos máis de 15.5000 habitantes de Sarria, Becerreá e a súa área de influencia. O custo estimado das actuacións recollidas no convenio é de algo máis de 890.600 euros, asumido no 50% delas polo Goberno galego.

### **Cesión regulada**

Cómpre sinalar que no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, se indica que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

A citada Lei de estradas dispón no artigo 54 que as estradas provinciais ou os tramos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas se lles entregarán aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da Administración titular da estrada e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia ten como un dos seus principais obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione aos usuarios unha eficaz, cómoda e segura rede de estradas galegas, buscando tamén condicións de conducción segura e cómoda, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

---

## A XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO QUE REGULARÁ POR PRIMEIRA VEZ EN GALICIA A VIXILANCIA E INSPECCIÓN DOS APARELLOS DE METROLOXÍA PARA INCREMENTAR A PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES

- *O Consello da Xunta de Galicia deu o seu visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se establece o marco executivo básico para as tarefas de vixilancia e inspección dos aparellos suxeitos a control metrolóxico do Estado que corresponden a Galicia, coa finalidade última de velar polo interese público*
- *Este proxecto de decreto beneficiará a todos os galegos, porque a verificación e inspección destes aparellos permitirá incrementar os niveis de garantías básicas para un comercio leal, xusto e seguro na protección dos consumidores, pero tamén aumentará os niveis de saúde e seguridade pública, orde pública e protección do ambiente*
- *A probación por parte do Consello da Xunta deste decreto permitirá a axilización administrativa na obtención da habilitación para a actividade profesional de reparador de instrumentos de medida, a redución das trabas administrativas e proporcionará un contorno máis favorable e transparente aos axentes económicos*

O Consello da Xunta de Galicia deu na súa habitual xuntanza dos xoves o seu visto e praxe ao proxecto de decreto elaborado pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria polo que se establece o marco executivo básico para as tarefas de vixilancia e inspección dos aparellos suxeitos a control metrolóxico do Estado que corresponden a Galicia, coa finalidade última de velar polo interese público e a protección dos consumidores.

O proxecto de decreto adáptase á normativa europea, establece a tramitación telemática de declaración responsable necesaria para a prestación dos servizos de reparación e fixa a regulación de vixilancia e inspección dos instrumentos de control metrolóxico que nunca antes estivera regulado en Galicia.

Este proxecto de decreto beneficiará a todos os galegos, porque a verificación, inspección e control destes aparellos permitirá incrementar os niveis de garantías básicas para un comercio leal, xusto e seguro na protección dos consumidores, pero tamén aumentará os niveis de saúde e seguridade pública, orde pública e protección do ambiente, entre outras cousas a través da inspección de aparellos como básculas, surtidores ou termógrafos.

A aprobación por parte do Consello da Xunta deste decreto permitirá a axilización administrativa na obtención da habilitación para a actividade profesional de reparador de instrumentos de medida, a redución das trabas administrativas, proporcionará un

---

contorno máis favorable e transparente aos axentes económicos e establecerá o marco básico sobre o que se desenvolverán os plans e actuacións de vixilancia e inspección no eido da metroloxía para que se garanta o mantemento das características metrolóxicas dos aparellos

Así mesmo, e dentro do proceso da Xunta de implicación na defensa activa da protección do interese público e dos consumidores, o Diario Oficial de Galicia publica hoxe o anuncio de contratación, polo procedemento aberto, dun contrato de xestión de servizos públicos, na modalidade de concesión, consistente no control metrolóxico de diversos equipamentos como básculas, surtidores ou contadores eléctricos e de gas para complementar o traballo que xa viña desenvolvendo a Administración.

A publicación no DOG deste anuncio conecta co recollido na lexislación estatal e autonómica e supón un paso máis na tarefa de acadar un mercado leal e xusto no que os intereses dos consumidores sexan defendidos e se garanta unha actividade empresarial máis segura.



---

## O NOVO DECRETO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO POTENCIARÁ A INNOVACIÓN EDUCATIVA E FACILITARÁ O ACCESO A UNHA OFERTA DIVERSIFICADA ENFOCADA Á MELLORA DA CALIDADE E DO ÉXITO ESCOLAR

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a este texto, que establece unha nova planificación e organización da formación permanente do profesorado*
- *Ao abeiro do decreto desprégase unha estrutura de formación para dotar o sistema educativo galego dunha formación continua para os docentes que redunde no éxito do alumnado*

A formación permanente do profesorado ao longo da súa carreira profesional é un elemento clave que marca en gran medida as posibilidades de éxito e a calidade do sistema educativo galego. Consciente da importancia deste elemento estratéxico a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aproba un novo decreto de formación permanente do profesorado. Este decreto ten como finalidade fornecer o sistema educativo galego das estruturas precisas para fomentar e facilitar a participación, a innovación, o desenvolvemento do talento profesional e promover, entre outras, as actividades de innovación educativa, de formación relacionadas coas novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), co ensino e aprendizaxe das linguas estranxeiras e, en xeral, as que axuden ao éxito educativo. Desta forma, a Consellería adapta esta formación ás necesidades e exixencias que presenta o sistema educativo actual, polo que o texto redundará nunha maior calidade educativa e, polo tanto, nun mellor servizo para a cidadanía.

O decreto aprobado hoxe establece ademais unha nova planificación da formación, en torno a un plan estratéxico e aos plans anuais. Así, no plan estratéxico defínense os obxectivos que hai que conseguir no remate dun período de catro anos, así como a súa concreción en obxectivos. Nos plans anuais desenvolveranse os obxectivos ano a ano, a través de medidas e accións concretas. Para a elaboración de ambos os dous teranse en conta as necesidades de formación dos docentes e as propostas realizadas por estes.

### **Estrutura en rede**

Dentro dunha estratexia global enfocada á mellora continua e á adaptación constante ás necesidades do sistema educativo que garantan unha mellora na calidade, adáptanse as estruturas formativas de xeito que sexan máis áxiles e capaces de dar resposta ás necesidades detectadas de formación, funcionando como unha rede que promova a expansión dos coñecementos e a captación do talento do propio sistema.

---

Como principal novidade na organización das estruturas formativas recóllese a creación do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), elemento central na nova estrutura con importantes funcións tanto no deseño e elaboración dos plans anuais como na coordinación do seu desenvolvemento.

Xunto co CAFI, a rede de formación complétase cos centros de formación e recursos, responsables dentro dos seus ámbitos xeográficos das accións formativas. Ademais, súmase a nova figura dos centros colaboradores, centros facilitadores que achegan sobre o terreo o acceso do profesorado aos recursos e actividades, e regúlase por primeira vez a figura das persoas coordinadoras da formación, que poden existir nos centros que determine a Consellería, peza fundamental de enlace coas estruturas de formación para conseguir a maior eficacia no desenvolvemento das accións formativas.

Con esta formulación de rede en círculos concéntricos, a formación parte e chega á vez ao núcleo mesmo dos centros e de cada un dos seus profesionais, contribuíndo á retroalimentación do sistema. Aumentará a calidade na formación mediante o seguimento e axuste ás súas necesidades, favorecendo e potenciando o traballo por proxectos e equipos de profesores con necesidades e intereses comúns.

Ademais, nun esforzo por sumar recursos e talento regúlase a colaboración doutras entidades ou institucións na formación do profesorado cunha finalidade complementaria á oferta pública e artellada mediante instrumentos como os convenios de colaboración

---

## MEDIO AMBIENTE INVISTE 300.000 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DE VARIAS RÚAS E ESPAZOS PÚBLICOS NO CONCELLO DO IRIXO

- *Os traballos centraranse na pavimentación e na dotación de sumidoiros de augas pluviais e a subministración de elementos de mobiliario urbano*
- *Estas obras de rehabilitación están enmarcadas no Plan Hurbe*
- *O fin fundamental deste proxecto é revitalizar espazos públicos para uso e gozo dos seus habitantes, mellorando a súa calidade de vida*

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello do Irixo para a mellora do contorno urbano dos núcleos do Irixo e Dadín.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, achega un importe de 300.000 euros para esta rehabilitación enmarcada no Plan Hurbe.

O proxecto consiste en executar obras de acondicionamento no núcleo do Irixo, capital do municipio, e de Dadín.

Por unha parte, a actuación no Irixo comprende a pavimentación en pedra granítica de varias rúas, xa que o actual firme está en mal estado e cuns deficientes servizos urbanísticos que impiden o normal desenvolvemento das actividades diarias dos residentes.

As obras centraranse na implementación dos servizos máis deficitarios como a dotación de sumidoiros para desaugadoiros das augas pluviais e a subministración e instalación de elementos de mobiliario urbano. Tamén se prevé a recuperación de tres espazos públicos actualmente abandonados polo seu mal estado.

Por outra parte, en Dadín proxéctase o acondicionamento dunha zona de espallamento e paseo para os habitantes da localidade. Incrementábase así o espazo destinado ao lecer, conseguindo un atractivo que fixe a poboación existente e se é posible, sirva para novos asentamentos. Os traballos rehabilitarán un muro para garantir a seguridade nun paseo moi concorrido polos cidadáns e visitantes de Dadín.

### **Plan Hurbe**

O acondicionamento de espazos públicos no Irixo está enmarcado no Plan Hurbe, proxecto da Consellería de Medio Ambiente aprobado polo Consello da Xunta o 15 de abril de 2010. O fin fundamental deste plan é revitalizar espazos públicos para uso e gozo dos seus habitantes, mellorando a súa calidade de vida.

---

O Plan Hurbe significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, axeitando os espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida. Trátase do primeiro plan global de mellora de espazos urbanos levado a cabo pola Xunta de Galicia.

Os obxectivos deste plan, que destinará máis de 96 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial, fixando poboación no medio rural.

Co Plan Hurbe investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

No programa de equipamentos públicos, a Xunta posibilitará a execución de infraestruturas urbanas, centrándose naquelas de carácter cultural e social tales como auditorios, pazos de congresos ou centros multiusos.

No que se refire á humanización de rúas, potenciarase a mellora da calidade e a seguridade das rúas mediante unha actuación que persiga unha progresión na habitabilidade e un axeitado desenvolvemento comercial e económico. Adáptanse os espazos de tránsito para acadar unha reordenación axeitada do tráfico rodado e peonil e devólveselles ás rúas a calidade de espazo de encontro e desfrute para os veciños.

A urbanización e mellora de espazos públicos céntrase na adecuación de prazas e outros contornos públicos en que se detecte unha necesidade de posta en valor. Terase especial coidado con aqueles espazos que teñan interese histórico, artístico ou arquitectónico.

---

## MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 320.000 EUROS NA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE BANDE, EN OURENSE

- *A finalidade destas obras será o recambio da rede de conexións do sistema de abastecemento, así como a construción de enlaces cos novos depósitos*
- *Instalaranse preto de 2.500 metros de conexións que abastecerán a máis de 2.000 veciños do concello de Bande*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Bande, en Ourense, para a renovación da rede de abastecemento deste municipio. A finalidade destas obras será o recambio da rede de conexións do sistema de abastecemento, así como a construción de enlaces cos novos depósitos. Medio Ambiente destinará máis de 320.000 euros a este proxecto.

Levarase a cabo unha instalación de 2.500 metros de novas conexións, cun diámetro de entre 60 e 160 mm, que abastecerán a máis de 2.000 veciños do concello. Ademais, deséñase a conexión de dous novos depósitos á rede, que pola súa vez estarán conectados con antigos depósitos, polo que a distribución se fará igual que antes. Estas dúas novas conexións terán máis de 1.500 metros de tubaxe.

Esta infraestruturas supón un compromiso da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para dotar os concellos dunha adecuada rede de abastecemento. Neste caso o concello tiña unha rede de abastecemento deteriorada polo que foi necesaria a súa renovación para garantir as condicións precisas de abastecemento de auga.

---

## MEDIO AMBIENTE DUPLICARÁ A CAPACIDADE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE AO CONCELLO DE VIMIANZO, CUN INVESTIMENTO DE 365.000 EUROS

- *O obxectivo deste proxecto será a instalación dunha nova captación no Val da Regueira, así como unha condución de 4.200 metros de lonxitude ata o depósito previo á estación de tratamento de auga potable (ETAP) xa existente*
- *O prazo de execución será de 12 meses e permitirá abastecer, no horizonte do ano 2035, a preto de 4.500 habitantes*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Vimianzo, na Coruña, para reforzar abastecemento de auga potable no municipio co obxectivo de mellorar o servizo tanto á poboación como ao polígono industrial.

A Consellería de Medio Ambiente investirá preto de 365.000 euros neste proxecto, que permitirá duplicar a capacidade potencial do servizo de abastecemento, que pasará dos 2.000 habitantes actuais a máis de 4.000 cando as obras estean rematadas.

Recentemente construíuse o parque empresarial de Vimianzo, polo que a demanda de consumo de auga se incrementou notablemente, ao que hai que engadir o crecemento poboacional que experimenta o concello na época estival. Estas condicións provocan que o servizo de abastecemento á poboación do núcleo de Vimianzo sufra deficiencias, o que fai necesario incrementar o caudal.

Como consecuencia, a Xunta construírá unha nova captación no Val da Regueira, así como unha condución de 4.200 metros de lonxitude ata o depósito previo á Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) xa existente.

A nova captación será desde o encoro situado na bacía norte do regato do Val da Regueira, e farase mediante un azud de formigón armado con comporta manual e tubo que verterá ata un decantador que conecta coa arqueta inicial da rede. A condución irá soterrada pola estrada C-552, cruzando o núcleo rural de Ogas.

Ademais, instalarase unha válvula reguladora de presión, xa que a cota máis baixa da condución está a -15,92 metros baixo terra. A entrada ao depósito será mediante unha arqueta previa que disporá dun filtro, unha ventosa e unha válvula automática para regular o caudal de entrada.

---

Desta forma, poderase garantir o abastecemento tanto ao polígono empresarial como aos habitantes do concello e dos núcleos limítrofes.

---

## MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 236.000 EUROS NA MELLORA DA REDE DE DEPURACIÓN DE SETE NÚCLEOS DE POBACIÓN DE CAMPO LAMEIRO PARA EVITAR PROBLEMAS DE DESBORDAMENTOS E VERTEDURAS DE AUGAS RESIDUAIS

- *As obras levaranse a cabo nos núcleos de Couso, Laxe, Moraño, Panceiros, Parada, Redonde e campo de fútbol*
- *O obxectivo deste proxecto será solucionar os problemas de atascos e desbordamentos que se producen nas fosas sépticas dos anteditos lugares, nos que se instalarán cámaras de pretratamento*
- *O prazo de execución será de 12 meses e beneficiará máis de 2.000 veciños do concello de Campo Lameiro*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Campo Lameiro, para a mellora da rede de depuración de sete núcleos de poboación do concello. Concretamente, as obras levaranse a cabo nos núcleos de Couso, Laxe, Moraño, Panceiros, Parada, Redonde e campo de fútbol.

O obxectivo deste proxecto será solucionar os problemas de atascos e desbordamentos que se producen nas fosas sépticas que recollen as augas residuais dos anteditos lugares. Para solucionar isto, instalaranse cámaras de pretratamento completo ademais dunha arqueta á saída da auga para a toma de mostras en cada unha das fosas.

As cámaras de pretratamento, de tipo decantador-dixestor, que se instalarán en cada unha das fosas estarán formadas por un pozo de 2x1,5 metros de dimensión que contará cun mecanismo de detección de grosos e dous depósitos de decantación para a filtración dos finos e das graxas que proveñen da auga residual. Así mesmo, proxectarase unha caseta sobre o pozo para a protección dos equipamentos. As instalacións das cámaras completaranse con paneis solares e dun distribuidor de auga que optimice a depuración biolóxica.

O prazo será de 12 meses e beneficiará preto de 2.000 veciños do concello de Campo Lameiro.

### **Antecedentes**

Na actualidade, o concello de Campo Lameiro dispón dunha rede de colectores nos lugares de Parada, Panceiros, Couso, Moraño, A Laxe, Redonde, Gargallóns, Praderrei e San Miguel que canalizan as augas residuais cara a fosas sépticas sen



---

ningún tipo de pretratamento previo excepto as redes de Gargallóns, Praderrei e San Miguel.

O problema disto é a carencia de mecanismos de retirada de sólidos automática, que provoca o atascamento e desbordamento da auga bruta na entrada das fosas. Outra grave consecuencia é o atascamento na cámara de depuración biolóxica, ao non ser o proceso axeitado e que provoca verteduras de augas residuais aos efluentes e acuíferos.

---

## MEDIO AMBIENTE LEVARÁ O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE AOS NÚCLEOS DE CASTELO, RESTANDE E MONZO, NO CONCELLO DE TRAZO

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas destinará máis de 230.000 euros para esta mellora hidráulica, que suporá a primeira fase de abastecemento neste concello coruñés*
- *O proxecto inclúe a instalación de case 5.000 metros de tubaxe e novas redes nestes tres núcleos de Trazo*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende resolver carencias en infraestruturas dos concellos galegos*
- *A Xunta está a levar a cabo as actuacións necesarias en materia de saneamento para garantir o cumprimento da Directiva de Augas Residuais, establecendo un plan de control de verteduras urbanas*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o proxecto de colaboración técnico-financiera da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Trazo para a execución do abastecemento aos núcleos de Castelo, Restande e Monzo.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega a totalidade do orzamento deste proxecto, que se eleva a máis de 230.000 euros, para dotar de abastecemento estas zonas deste concello coruñés e que supón a execución da primeira fase do abastecemento en Trazo.

Esta actuación é considerada por Augas de Galicia de carácter hidráulico primordial na súa planificación, tendo en conta que na actualidade estas zonas carecen de abastecemento.

As actuacións proxectadas inclúen a execución de 1.321 metros de canalización con tubo en Castelo e en Restande a instalación de máis de 1.500 metros de rede principal, así como case 2.000 de rede secundaria, polo que se instalarán en total case 5.000 metros de tubaxe e novas canalizacións.

Ademais, hai que ter en conta que con esta actuación tamén se dá unha resposta ás necesidades de auga para a gandaría por tratarse, xunto coa agricultura, da actividade económica máis importante.

### **Mellorar as infraestruturas**

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende resolver carencias en infraestruturas dos

---

concellos galegos. Deste xeito, mellórase a calidade de vida dos cidadáns e poténciase o desenvolvemento económico e social dos municipios.

A Xunta de Galicia está a levar a cabo as actuacións necesarias en materia de saneamento para garantir o cumprimento da Directiva de augas residuais, establecendo un plan de control de verteduras urbanas. Tamén se garante a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e cúmprese coa Directiva marco da auga. A regulación dos recursos hídricos mediante a execución das obras necesarias permite velar polo consumo responsable e fomentar o aforro.

## A XUNTA INVISTE MÁIS DE 24 MILLÓNS DE EUROS NA CONSERVACIÓN E MELLORA DOS MÁIS DE 1.170 QUILÓMETROS DA REDE VIARIA AUTONÓMICA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- *Estas actuacións significan a garantía da conservación e mellora das estradas de titularidade autonómica logrando a vialidade, tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos*
- *Así mesmo, búscase un tempo de resposta curto ante accidentes, urxencias, emerxencias e deterioracións, de forma que a circulación non se vexa afectada o mesmo que a seguridade viaria*
- *Os contratos aprobados hoxe terán vixencia durante os vindeiros cinco anos, ata o 2015, e supoñen un beneficio para os máis de 960.000 habitantes da provincia pontevedresa*

A Xunta de Galicia aprobou na súa reunión do Consello de hoxe un investimento de máis de 24 millóns de euros para levar a cabo actuacións de conservación e mellora e vialidade invernal das zonas norte e sur da provincia de Pontevedra. Os principais obxectivos deste conxunto de accións son garantir a conservación da rede de estradas de titularidade autonómica, tanto actual como a futura, permitindo unha axeitada limpeza e coidado da rede viaria, tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos.


Ata o de agora o Goberno autonómico xa leva autorizado un investimento de máis de 85,1 millóns de euros nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, que implican unha mellora en máis de 4.500 quilómetros de rede viaria autonómica destas mesmas provincias. En vindeiras datas procederase á autorización correspondente á rede viaria da provincia de Ourense.

<b>RESUMO ORZAMENTOS CONSERVACIÓN INTEGRAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA</b>	
<b>ZONA</b>	<b>INVESTIMENTO</b>
Pontevedra Norte	11.711.136,51
Pontevedra Sur	12.341.594,59
<b>TOTAL</b>	<b>24.052.731,10</b>

Os contratos aprobados hoxe terán vixencia durante os vindeiros cinco anos, ata o 2015, e supoñen un beneficio para os máis de 960.000 habitantes da provincia pontevedresa.

---

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas traballa en distintas actuacións que permiten manter de forma eficiente as estradas, unhas operacións que resultan totalmente necesarias para facer posible a circulación dos vehículos na rede viaria existente, contando cun tempo de resposta curto ante accidentes, urxencias, emerxencias e deterioracións, de maneira que a circulación non se vexa afectada o mesmo que a seguridade viaria.



### Conservación

No documento aprobado no Consello da Xunta existe un apartado dedicado ás actividades de conservación ordinaria destinadas a atrasar a degradación das características funcionais ou estruturais dos elementos das estradas, polo que se levarán a cabo reparacións dos elementos degradados ou a reposición completa se é preciso. Así mesmo, preséntanse labores de roza e limpeza das marxes das estradas; e a reposición da sinalización horizontal ou vertical.

Por último, tamén se incide en actuacións de axuda á vialidade no caso excepcional de incidencias relevantes ou emerxencias, traballos que se conseguen grazas a que os labores de vixilancia son de total dispoñibilidade horaria.

As unidades de obra divídense en tres grupos:

- **Grupo I:** encargado de operacións de vixilancia, atención a emerxencias e incidencias, así como viabilidade ambiental.
- **Grupo II:** levan a cabo labores de conservación ordinaria de fertilización por medición.
- **Grupo III:** encargado das operacións destinadas á conservación ordinaria programada así como á atención de incidencias relevantes.

### Plan de Vialidade Invernal

Outro dos fitos importantes deste programa de conservación é o Plan de Vialidade Invernal do Goberno galego, que busca que as poboacións non queden illadas durante os días de mal tempo. Os traballos neste eido van encamiñados ao desenvolvemento de medidas preventivas, como a extensión de fundentes, ou medidas para garantir a seguridade, como os quitaneves.

Coa posta en marcha desta liña de traballo, o Executivo autonómico pon a disposición os medios materiais e humanos necesarios en cada unha das provincias co obxecto de garantir e mellorar as condición de vialidade, que se poden ver dificultadas no inverno pola presenza de fortes choivas, a formación de placas de xeo ou a aparición de neve.

Cómpre sinalar que na actual campaña do Plan de Vialidade Invernal, aprobado no pasado mes de novembro, se detectaron as vías máis susceptibles de ter problemas de acumulación de neve.



---

## A XUNTA AVANZA NO CAMIÑO DA MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DOS 80.000 VECIÑOS DA MARIÑA DE LUGO E DECLARA O PROXECTO DO GASODUCTO COMO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

- *Con este acordo dáse inicio ao procedemento de aprobación definitiva do dito proxecto sectorial*
- *O gasoduto beneficiará unha poboación de 80.000 persoas e o tecido industrial e empresarial desta importante comarca galega*
- *A Xunta de Galicia trasladou ao Ministerio de Industria a necesidade de acelerar todos os trámites para a posta en marcha desta infraestrutura que leva un atraso acumulado de seis anos polos diferentes cambios de opinión do Goberno central para que estea operativo no ano 2013*
- *O proxecto conforma un gasoduto de transporte básico promovido pola empresa Gas Natural Transporte SDG S.L., que suporá un investimento de 26,3 millóns de euros*

A Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, avanza na mellora da calidade de vida dos 80.000 veciños da Mariña de Lugo e no impulso ao incremento da competitividade do seu importante tecido empresarial. Deste xeito, o Consello da Xunta de Galicia declarou o proxecto Gasoduto de Transporte Básico Mariña Lucense (Ribadeo-Viveiro) como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, polo que as determinacións nel contidas vincularán o planeamento dos concellos de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove e Viveiro cunha poboación de 80.000 persoas. Con este acordo, dase inicio ao procedemento de aprobación definitiva do devandito proxecto sectorial.

O proxecto conforma un gasoduto de transporte básico promovido pola empresa Gas Natural Transporte SDG S.L., o que suporá un investimento de 26,3 millóns de euros e cuxo obxecto é achegar o gas natural ás comarcas da Mariña Lucense, o que implicará unha mellora na calidade de vida dos veciños e a mellora da competitividade do importante tecido industrial e empresarial asentado nesta parte de Galicia.

Este gasoduto, que terá unha lonxitude de 64,5 quilómetros e se deseñará para unha presión de funcionamento de 80 bar, transcorrerá polos municipios anteriormente mencionados e supón un paso fundamental para a tramitación e posta en marcha dunha infraestrutura fundamental en Galicia e na provincia de Lugo.

A Xunta de Galicia trasladou ao Ministerio de Industria a necesidade de acelerar todos os trámites para a posta en marcha desta infraestrutura, que leva un atraso acumulado de seis anos polos diferentes cambios de opinión do Goberno central para



---

que estea operativo no ano 2013, posto que se trata dun proxecto de vital importancia non só para mellorar a calidade vida dos veciños desta comarca, senón para a subministración gasística do maior complexo industrial de Galicia, á planta de Alcoa en San Cibrao e a varios polígonos industriais da zona.

---

## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA ASINAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE POSGRAO DE ESPECIALIZACIÓN EN COIDADOS PALIATIVOS

- ***Con este obxectivo, a Administración sanitaria galega achegará a cantidade de 152.038 euros***
- ***A cidadanía da nosa Comunidade que requira coidados paliativos necesita que os profesionais que os atendan en situacións de complexidade teñan a máis completa formación***
- ***Para a formación práctica do alumnado dispónse da infraestrutura que achegan a este proxecto o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e o resto dos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde***

A inclusión de programas de coidados paliativos nas estratexias dos servizos de saúde é un indicador da calidade da atención e do interese do sistema sanitario polo benestar da cidadanía.

En consecuencia, a coordinación do Plan Galego de Coidados Paliativos da Dirección de Asistencia Sanitaria do Sergas está a realizar actividades formativas de nivel básico e intermedio, de calidade e investigación, así como de comunicación e acompañamento en coidados paliativos. Ademais, a formación dos profesionais sanitarios é un obxectivo fundamental sinalado no documento de Estratexia do Sergas 2014, xa que a cidadanía da nosa Comunidade que requira coidados paliativos necesita que os ditos profesionais que os atendan en situacións de complexidade teñan a máis completa formación.

Polo tanto, e incidindo no propósito do departamento que dirixe Pilar Farjas por potenciar os coidados paliativos, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade da Coruña asinarán un convenio de colaboración para a realización dun programa de posgrao de especialización nesta materia, que irá dirixido, fundamentalmente, aos profesionais con maior dedicación aos coidados paliativos. Con este obxectivo, a Administración sanitaria galega achegará a cantidade de 152.038 euros. Cómpre sinalar, así mesmo, que para a formación práctica do alumnado se dispón da infraestrutura que achegan a este proxecto o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e os dispositivos asistenciais recollidos no Plan Galego de Coidados Paliativos.

Pola súa parte, o Departamento de Medicina da Universidade da Coruña desenvolve unha titulación propia, coa categoría de Experto en Coidados Paliativos, sendo esta a única universidade galega que imparte esta titulación, que está recollida na oferta oficial de cursos de posgrao.

---

O profesorado é o da propia universidade, con probada experiencia docente en coidados paliativos, así como profesionais cualificados das institucións do Servizo Galego de Saúde e sociedades científicas implicadas.

O interese do Servizo Galego de Saúde no desenvolvemento axeitado dos coidados paliativos maniféstase coa promoción deste curso, co que se asegura a mellora da capacitación que promove a excelencia da atención destes pacientes e das súas familias e a súa calidade de vida, e contribúese a que os coidados paliativos formen parte da medicina actual, incluso como un exercicio preventivo: a prevención do sufrimento.

---

## **SANIDADE CREA UNHA COMISIÓN TÉCNICA ASESORA DA BIBLIOTECA VIRTUAL DO SERGAS PARA IMPULSAR A SÚA UTILIZACIÓN NOS ÁMBITOS ASISTENCIAL, DOCENTE E INVESTIGADOR**

Para atender e coordinar todas as actividades que se teñen que desenvolver co propósito do mantemento e atención continua da Biblioteca Virtual do sistema público de saúde de Galicia (Bibliosaúde), o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía considera oportuno crear unha comisión de carácter técnico, composta por persoal cualificado. Entre as funcións que lle corresponderán a esta comisión está a de impulsar a utilización da Biblioteca Virtual do Sergas nos ámbitos asistencial, docente e investigador, facilitando, deste modo, a participación dos profesionais na xestión dos recursos e canalizando as iniciativas que melloren os dispositivos existentes.

Así mesmo, a comisión promoverá o desenvolvemento daquelas estratexias de mellora continua dos recursos para a consolidación da Biblioteca Virtual.

A Biblioteca Virtual do Sistema Público de Saúde naceu como proxecto para cambiar o sistema existente, as bibliotecas presenciais dos hospitais, a outro sistema en que se estendía o acceso á información a todos os centros sanitarios. Por tanto, grazas a Bibliosaúde, ponse á disposición de todos os profesionais do ámbito da sanidade a información relevante e técnica que lles permite a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, na docencia e na investigación.

Isto é posible grazas ao desenvolvemento dos sistemas e tecnoloxías da información, que posibilitan acometer un proxecto desta amplitude e facilitar a achega de información virtual a todos os centros sanitarios. Na actualidade, a Biblioteca Virtual está plenamente consolidada e ten un uso diario moi importante, xa que poden acceder a ela non só os profesionais sanitarios, senón tamén os médicos en prácticas. Constitúe, así mesmo, unha axuda importante para a formación dos futuros profesionais.

A existencia de Bibliosaúde permite, por un lado, que os profesionais poidan acceder á información nun tempo menor e, por outro, que co acceso virtual dispoñan dun número infinitamente maior de recursos técnicos. En consecuencia, a formación e cualificación técnica dos profesionais sanitarios vai repercutir positivamente na súa actividade diaria en relación coa saúde da cidadanía.

Na actualidade, Bibliosaúde ofrece servizo, durante as 24 horas do día, a todos os hospitais do Sergas, a todos os centros de atención primaria e, ademais, aos servizos periféricos, departamentos territoriais provinciais, fundacións públicas e institutos asociados.

---

Todo o persoal do Sergas dispón de acceso á biblioteca virtual desde a intranet ou desde internet (<http://bibliosaude.sergas.es> <http://mergullador.sergas.es>)

---

## A XUNTA INVISTE PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DE 138 PRAZAS DE MENORES PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS XUDICIAIS

- ***En concreto, investiranse 3,3 millóns no segundo semestre de 2011 para os centros de reeducación en réxime de internamento; e máis de 600.000 euros para a execución de medidas de medio aberto***

A Consellería de Traballo e Benestar investirá durante o segundo semestre de 2011 preto de 4 millóns de euros no mantemento de 138 prazas de menores destinados á execución de medidas xudiciais, tanto de internamento como de medio aberto.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación deste expediente de gasto para o mantemento deste servizo. En concreto, destínanse 3,3 millóns de euros para os centros de reeducación de menores dos cales é titular a Xunta de Galicia, e que traballan en réxime de internamento; e, por outra banda, máis de 600.000 euros para prazas de execución de medidas de medio aberto, isto é, en centros de día.

Este investimento inclúe o mantemento destas preto de 140 prazas durante a segunda metade de 2011.

No que se refire aos centros de que é titular a Xunta, é preciso lembrar que actualmente Galicia conta con tres centros destinados a executar a medida xudicial de internamento para os menores infractores, en réxime de internamento aberto, semiaberto e pechado.

Trátase dos centros “Concepción Arenal” da Coruña, que conta con 32 prazas; do centro de reeducación “Monteledo” de Ourense, con 34 prazas; e o centro de atención específica (terapéutico) “Montefiz”, tamén en Ourense, con 22 prazas.

Por outra banda, o Goberno galego tamén financia outras 50 prazas de centro de día destinadas aos menores infractores aos cales se lles imponen medidas xudiciais de medio aberto.

Durante as súas estadias nos centros perséguese conseguir unha socialización o máis axeitada posible do menor, e búscase acadar a adquisición de habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración social con posterioridade á execución da medida xudicial.

---

## A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DA LIÑA DE INTERCONEXIÓN DO PARQUE EÓLICO DE CATOIRA SOBRE MONTES VECIÑAIS DE CATOIRA E VILAGARCÍA DE AROUSA

- ***A Consellería do Medio Rural resolveu favorablemente a prevalencia da utilidade pública deste proxecto sobre a dos montes veciñais en man común de San Miguel de Catoira, e de San Mamede de Abalo, ambas no concello de Catoira, e de San Pedro de Cea, no concello de Vilagarcía de Arousa***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto da Liña de interconexión do parque eólico de Catoira sobre a que cualifica os montes veciñais en man común en terreos de titularidade das comunidades de montes de “San Miguel de Catoira”, “San Mamede de Abalo”, ambas no concello de Catoira, e de “San Pedro de Cea”, pertencente ao municipio de Vilagarcía de Arousa.

A Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Pontevedra autorizou e aprobou o proxecto de execución e declarou de utilidade pública, mediante resolución, as instalacións eléctricas da liña de interconexión mencionada, promovido pola empresa Enerxía de Catoira, S.L. Seguidamente, o Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural en Pontevedra foi o encargado de comunicarlles o expediente ás comunidades afectadas.

Tras recibir alegacións por parte das comunidades de San Mamede de Abalo e de San Pedro de Cea, a Dirección Xeral de Montes propuxo que se emita informe favorable sobre a prevalencia da utilidade pública deste proxecto sobre as dos montes veciñais en man común, por tratarse dunha liña que discorre soterrada por infraestruturas xa existentes e consolidadas e por non apreciarse valores forestais de interese específico que primen sobre o interese da obra solicitada.

### **Comprobación sobre o terreo**

Os técnicos forestais da Dirección Xeral de Montes, da Consellería do Medio Rural, achegáronse ata a zona para comprobar os seus valores naturais e constataron que non existe flora e fauna de relevancia no contorno de afección do acondicionamento.

---

## **A EGAP OFERTA MÁIS DE 3.500 PRAZAS PARA OS CURSOS DE LINGUA GALEGA E PARA OS CURSOS DE LINGUAS ESTRANXEIRAS DESTINADOS A EMPREGADOS PÚBLICOS**

O Consello da Xunta informou hoxe sobre as actividades formativas sobre lingua galega e linguas estranxeiras que se van desenvolver na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) durante este ano 2011, na que se ofertan 1.500 prazas para os cursos de lingua galega e 2.035 praza para os cursos de linguas estranxeiras, que abrangue a lingua inglesa, francesa, portuguesa, alemá, chinesa, rusa e árabe.

A EGAP e a Secretaría Xeral de Política Lingüística asinan acordos anuais para establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración para potenciar as actividades de normalización do uso do galego na Administración autonómica.

As actividades formativas están destinadas aos empregados públicos da Administración galega, agás o persoal docente e o sanitario, aos empregados públicos destinados na Administración local de Galicia e ao persoal da Administración de xustiza.

A Escola ofrece para este ano máis de 1.500 prazas repartidas en 51 cursos, de 75 horas, e por primeira vez realízanse cursos na modalidade de teleformación. Ademais, as ensinanzas presenciais poderanse realizar tamén na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, o que permite chegar a máis alumnos e favorece a conciliación da vida familiar coa laboral.

### **Cursos de linguas estranxeiras**

Neste ano 2011, impártense as linguas inglesa, francesa, portuguesa, alemá, chinesa, rusa e árabe. Os seus destinatarios son o persoal da Administración autonómica. Os cursos de lingua inglesa impartiranse tamén para persoal da Administración local e persoal de xustiza. Desde o ano 2009, produciuse un notable incremento na ensinanza de linguas estranxeiras na EGAP, cunha forte aposta pola modalidade en liña que facilita que un maior número de persoas poida acceder á formación.

No que se refire a prazas e actividades dos cursos de lingua inglesa, francesa e portuguesa, os datos amosan unha tendencia alcista entre 2009 e 2010, pasando de 33 edicións no 2009 a 53 edicións no 2010, o que supón un incremento do 60,6%, e de 450 prazas no 2009 a 1762 no 2010, un 291,55% máis. Nos últimos dous anos a Escola fixo un importante esforzo para conseguir un programa formativo que inclúa de xeito constante as ensinanzas de lingua inglesa, francesa e portuguesa, e durante o ano 2010 o número de solicitudes superou o de prazas ofertadas.



---

O estudo destas materias responde a un itinerario formativo que ten como base o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, un estándar internacional que ten como finalidade medir o nivel de comprensión oral e escrito do idioma. As prazas para o curso 2011 son, en lingua inglesa 1070 prazas para 2704 solicitudes, en lingua francesa hai 230 prazas para 923 solicitudes, e en lingua portuguesa ofértanse 200 prazas e hai 722 solicitudes. Estas tres linguas teñen unha gran relevancia no contexto global actual, especialmente o inglés, polo que a Escola aposta por incrementar as prazas nesta lingua, tanto na modalidade presencial coma de teleformación.

No ano 2010 ofertáronse por primeira vez ensinanzas en linguas alemá, chinesa, rusa e árabe para que o empregado público galego poida ser interlocutor nun contexto globalizado, e a demanda superou de sobra a oferta, como na lingua chinesa, que por cada praza houbo 4 solicitudes. Neste ano 2011 ofértanse 9 edicións de cursos nestas linguas de modalidade presencial, menos o de alemá básico, que é na modalidade de teleformación, cun total de 235 prazas.

---

## A XUNTA ADXUDICOU AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO DE LUGO POR UN IMPORTE DE 17,2 MILLÓNS DE EUROS

- ***Con este paso cúmprese o compromiso de ter adxudicado o proxecto no primeiro cuadrimestre do ano***
- ***Esta actuación é unha das máis importantes do Plan HURBE, no punto referido aos equipamentos públicos***

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou hoxe ao Consello da Xunta da adxudicación das obras de construción do Auditorio de Lugo á UTE formada polas empresas *FCC Construcción S.A.*, *Construcciones Mon S.L.* e *Construcciones Vilamiño S.A.*, por un importe de 17,2 millóns de euros.

O Goberno galego recibiu un total de 21 ofertas para a construción desta infraestrutura cultural. A obra, que foi licitada o pasado 17 de novembro, terá un período de execución de 36 meses. Con este paso cúmprese o compromiso de ter adxudicadas as obras no primeiro cuadrimestre do ano.

A partir deste intre, o Executivo autonómico requírelles ás empresas que conforman a UTE toda a documentación necesaria para formalizar o contrato. Esta documentación deberá presentarse dentro do prazo de 10 días hábiles e, de estar correcta, a licitación pode considerarse definitiva.

Esta actuación é unha das máis importantes do Plan HURBE, no punto referido aos equipamentos públicos. O polígono Aceña, na zona de Magoi, será o espazo da Cidade da Muralla que acollerá o novo auditorio nuns terreos cedidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). No inicio deste proxecto, o escenario previsto era o cuartel de San Fernando, pero esta localización foi descartada por un informe da UNESCO.

Con isto, o Goberno autonómico cumpre coa palabra dada de construír un edificio emblemático de deseño horizontal, que aproveitará a pendente do terreo para a súa integración paisaxística nun xardín que envolverá a totalidade do proxecto. Esta integración será tanto co seu contorno máis próximo como coa cidade, xa que o edificio estará orientado cara ao río Miño, elemento imprescindible de Lugo.

O edificio destaca pola súa funcionalidade e por dispoñer dos servizos necesarios para facer do auditorio un equipamento competitivo para a organización de congresos e outros eventos a través dunha sala con 900 butacas, outra con 300, e un aparcadoiro con 160 prazas. Outro dos perfís que terá é o seu carácter administrativo e de mellora dos servizos que prestarán as súas instalacións aos cidadáns de Lugo.

Tras anos de espera o actual Goberno galego poderá facer realidade un equipamento público que se converterá nun referente do panorama cultural para a cidade do século XXI. Ademais dá cumprimento a un compromiso importante coa Cidade da Muralla e cos seus habitantes, xa que poderán dispoñer dun equipamento acorde coa súa importancia de cidade na cal radica un dos monumentos patrimonio da humanidade.


### Características

O equipamento terá arredor de 15.575 metros cadrados, distribuídos en distintas salas: a principal, con capacidade para 900 espectadores, e unha destinada á realización de conferencias e concertos para 300 persoas, así como outros espazos dedicados a actividades teatrais, escola de música e mediateca, etc. Ademais dos comúns, cafetería, gardarroupa, aseos públicos e unha zona de información e venda de entradas.

O edificio conta de 2 plantas subterráneas destinadas a aparcadoiro, unha baixa e 3 plantas, ademais de 3 pequenos niveis escalonados. A versatilidade dos espazos permite a utilización independente e simultánea de forma natural.

O aparcadoiro subterráneo terá a súa entrada na cota inferior da avenida Magoi.

Na planta baixa sitúase a entrada á área de exposicións e congresos, control e seguridade.



Na cota superior da avenida Magoi (planta 1) sitúanse os escenarios das dúas salas con acceso directo á cota para carga no escenario principal e camerinos da sala menor. A área administrativa tamén se sitúa neste nivel.

Xa no nivel do xardín (planta 2) aparecerá a entrada directa ás salas, o acceso á área de congresos e un acceso independente á cafetería a través do miradoiro. Neste nivel o vestíbulo lineal convértese nun miradoiro continuo coa dobre transparencia cara ao xardín e cara á avenida.

Na planta número 3 está o restaurante e a área restrinxida, así como os lucernarios e dobres alturas do vestíbulo.

A área de congresos desenvólvese neste nivel e localizadamente nos niveis 3 e 4.


A cafetaría e restaurante organízanse en dous niveis e teñen un posible acceso independente a través do xardín, ademais da conexión co vestíbulo no nivel 2. Dispón dunha terraza miradoiro exterior e no nivel 3 a área de uso restrinxido pódese vincular ao restaurante.

Todo o edificio fai protagonista a luz natural, polo que se propoñen ventás horizontais rasantes, con sistema de escurecemento, abertas cara á ladeira axardinada, buscando a integración dos actos e representacións na natureza xeométrica.

Os espazos internos de apoio a ambas as salas como camerinos ou vestiarios sitúanse no nivel 0, e os seus escenarios no nivel 1, con circulacións internas claras e directas. A sala menor ten, así mesmo, camerinos a nivel de escena.

O acceso de público e vestíbulo prodúcense no nivel 2, co que se logra esa situación óptima para salas de música e teatro de acceder a medio nivel ao chanzo descendendo cara á escena.

A sala principal proxéctase con acabamento de madeira de eucalipto. A sala menor proxéctase en madeira clara de Mongoy. As paredes de paneis de madeira fonoabsorbente para as distintas frecuencias, o fondo luminoso das cabinas técnicas e o pavimento claro ou escuro en madeira, segundo a sala, configuran o seu aspecto final.



---

## A FACTURA FARMACÉUTICA EN MARZO DESCENDEU EN 11,5 MILLÓNS DE EUROS EN RELACIÓN CO MESMO MES DO ANO ANTERIOR, O QUE SUPÓN UNHA DIMINUCCIÓN DO 13,6%

- *A prescrición de medicamentos xenéricos en Galicia mantense en cifras similares ás do mes de febreiro, cunha porcentaxe do 30% do total, malia a paralización do Catálogo priorizado de medicamentos*
- *Isto demostra que na Comunidade Autónoma se segue a aplicar a dinámica de prescrición eficiente do Catálogo*

A factura farmacéutica de Galicia no mes de marzo foi de 73 millóns de euros, segundo se recolle nun informe presentado hoxe aos membros do Consello da Xunta pola conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía. Isto supón unha redución de 11,5 millóns de euros en relación co mesmo mes do ano anterior, cando fora de 84,4 millóns, o que equivale a unha diminución do 13,6%.

Cómpre lembrar que, no que atinxe á evolución da factura farmacéutica nos últimos anos, esta mantivo un crecemento anual acumulado de entre o 6% e o 7% nos últimos cinco anos, ata 2009. O pasado ano 2010, reduciuse ata o 0,7%, aproximándose á estabilidade.

Polo tanto, a pesar do crecemento dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde foi capaz de pechar 2010 practicamente coa estabilización da factura, con crecemento cero. Este é o mellor dato dos indicadores de contención do gasto farmacéutico en Galicia rexistrado desde que se transferiron as competencias en materia de sanidade á Comunidade Autónoma. E no que vai do ano 2011, o dato de variación de gasto acumulado xaneiro-marzo 2011 sitúase nunha diminución do 12,10%.

Neste sentido, a conselleira agradeceu a implicación e colaboración de pacientes e médicos que desde o primeiro momento entenderon a necesidade de que ante dous medicamentos iguais que curan o mesmo, o responsable é optar polo máis eficiente, e non malgastar o diñeiro público.

### **Prescrición de medicamentos xenéricos**

Así, os galegos, seguen a facer unha demostración de responsabilidade exemplar, os pacientes pedindo medicamentos xenéricos e os médicos prescribindo a alternativa máis eficiente. Actualmente, e malia a paralización do Catálogo priorizado de medicamentos, a prescrición de medicamentos xenéricos en Galicia mantense en cifras similares ás do mes de febreiro, cunha porcentaxe do 30% do total.

---

No informe presentado hoxe ante o Consello da Xunta faise, así mesmo, unha análise do consumo de medicamentos xenéricos en Europa nos principais países europeos segundo os datos máis recentes –correspondentes a 2009- da Asociación Europea de Produtores de Xenéricos.

Así, os países que máis utilizan os xenéricos son Suecia, Finlandia, Holanda e Reino Unido, que teñen consumos de entre o 44% e o 60% e que se encontran entre os de maior solvencia económica de Europa. Pola contra, os que teñen unha utilización menor son países cunha maior inestabilidade financeira, como Grecia (2%), Italia (10%) e Portugal (16%); mentres que España se está nun 26%.

Os medicamentos xenéricos son fármacos sen marca, cuxa patente venceu, que laboratorios autorizados polo Ministerio fabrican e comercializan a un prezo menor xa que non teñen custos de investigación. Conteñen o mesmo principio activo, a mesma dose e a mesma forma farmacéutica que o orixinal, e garanten a mesma calidade e eficacia que o medicamento de referencia.

---

## EN GALICIA HAI NA ACTUALIDADE MÁIS DE 15.000 PACIENTES QUE TOMAN MÁIS DE 15 MEDICAMENTOS AO DÍA E MÁIS DE 110.000 QUE TOMAN MÁIS DE SEIS

- ***O Servizo Galego de Saúde ten en marcha un Programa de mellora da calidade na atención a pacientes crónicos e polimedicados de Galicia***
- ***A finalidade desta iniciativa do departamento que dirixe Pilar Farjas é mellorar a calidade asistencial e a prestación farmacéutica aos pacientes crónicos e polimedicados mediante o asesoramento sobre o uso de fármacos, educación sanitaria e a axeitada colaboración entre os profesionais sanitarios***

O Servizo Galego de Saúde está a poñer en marcha un Programa de Mellora da Calidade na atención a pacientes crónicos e polimedicados en Galicia. A finalidade desta iniciativa do departamento que dirixe Pilar Farjas é mellorar a calidade asistencial e a prestación farmacéutica aos pacientes crónicos e polimedicados mediante o asesoramento sobre o uso de fármacos, educación sanitaria e a axeitada colaboración entre os profesionais sanitarios.

O programa ten como poboación diana os pacientes crónicos e polimedicados que toman 6 ou máis medicamentos, de forma continuada, durante un período igual ou superior a 6 meses.

Nunha primeira fase do programa farase seguimento daqueles enfermos que teñen prescritos, de forma crónica, durante máis de seis meses, na súa historia clínica electrónica, 15 ou máis medicamentos. Conforme vaia avanzando o programa, iranse revisando pacientes con menor número de medicamentos, ata acadar o número de seis medicamentos.

Así pois, na primeira fase do programa desenvolverase esta iniciativa en 11 centros de saúde distribuídos nas sete áreas sanitarias de Galicia: área de Santiago, centros de saúde de Noia e o de Ribeira; área da Coruña, centro de saúde Casa do Mar; área de Ferrol, centro de saúde de Serantes; área de Vigo, centros de saúde de Coia, Tui, e Rosalía de Castro; área de Pontevedra, centro de saúde da Parda; área de Lugo, centro de saúde da Praza do Ferrol; área de Ourense, centros de saúde da Ponte e Verín. Nuns poucos meses, estenderase ao resto de centros de saúde.

Os datos procedentes da prescrición electrónica indican que no presente ano temos en Galicia 15.000 pacientes que toman máis de quince medicamentos e 110.000 pacientes que toman máis de seis medicamentos.

---

Polo tanto, grazas a esta iniciativa da Administración sanitaria galega, os pacientes da nosa Comunidade beneficiaranse deste programa que permitirá detectar e resolver posibles problemas relacionados co uso dos medicamentos; mellorarase o cumprimento terapéutico dos pacientes crónicos polimedicados e, ademais, incrementarase o coñecemento dos usuarios respecto do uso e indicacións dos medicamentos.



---

## O FORO SOBRE COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS #NETHINKING, CELEBRADO NA ILLA DE SAN SIMÓN, CONVERTEUSE NO “TEMA DO MOMENTO” DE TWITTER EN ESPAÑA CUN MILLÓN E MEDIO DE IMPACTOS

- ***A Consellería de Cultura e Turismo presentou ao Consello da Xunta o informe sobre o impacto e a repercusión mediática do evento #NeThinking, que reuniu entre o 30 e o 31 de marzo na Illa de San Simón a un grupo de destacados comunicadores e expertos en redes sociais***
- ***A Illa do Pensamento contará ao longo deste ano 2011 con máis de 160 días de actividade, e albergará foros, concertos, ciclos culturais, reunións, seminarios, etc. entre os que destacan NeuroMagic 2011, Polo de Reflexión Xeopolítica e Foro Internacional de Festivais e Feiras de Música entre outras***

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe sobre o éxito e a repercusión mediática do evento *#NeThinking, ¿Cómo Comunicamos?*, celebrado na Illa de San Simón o 30 e 31 de marzo. *#NeThinking* reuniu un grupo de destacados comunicadores e expertos en redes sociais, que son referentes no panorama nacional pola notoriedade das súas bitácoras persoais, pola súa actividade en redes como Twitter ou Facebook e pola súa experiencia en contidos multimedia.

Desde a Fundación Illa de San Simón entendeuse *#NeThinking* como o evento idóneo para iniciar a actividade de 2011 e que puidera promocionar este enclave natural e cultural a nivel nacional. O impacto nas redes sociais e o notable posicionamento nos medios convencionais deste encontro foi extraordinario, por encima das previsións. Nas dúas primeiras horas, o seguimento deste evento alcanzaba o *trending topic* (tema do momento) de Twitter en toda España, cun millón e medio de impactos, o que supuña colocarse no terceiro lugar dos tópicos máis seguidos ese día. Nesta primeira xornada, as sesións foron seguidas, a través do servizo de *streaming* da web da Fundación, por preto de 25.000 persoas, e o seguimento total chegou a 33 países diferentes. Durante o segundo día, *#NeThinking* volveu ser *trending topic*, para o que houbo de superar o impacto do día anterior, segundo os requisitos de Twitter. Asemade, todos os medios impresos de Galicia e moitos rotativos nacionais, se fixeron eco do evento. A repercusión infomativa foi extraordinaria, polo que se cubriu sobradamente o obxectivo inicial.

Entre os participantes neste foro, coordinado polo xornalista e experto en redes sociais Nacho de la Fuente, figuran comunicadores como Eva Hache; o cineastas Nacho Vigalondo; o músico Julián Hernández; recoñecidos blogueiros como José Jiménez Moltó (Kurioso) e Javier Pedreira (Wicho); editores de medios dixitais e expertos en redes sociais como Javier Celaya, Ismael O-Qudsi, Juanjo Amorín, Marilyn

---

Gonzalo, Eduardo Arcos ou Carmela Ríos; consultores como Mario Tascón e Antonio Delgado; especialistas en correo electrónico mercadotecnia como Jorge Martínez Linares, e destacados xornalistas e expertos en comunicación de diferentes universidades galegas como Francisco Campos, Manuel Gago ou Valentín Alejandro Martínez.

Este grupo de participantes destaca non só pola súa formación e experiencia en comunicación mediante novos soportes, senón tamén pola diversidade das súas fronteiras de actuación e pola súa intensa actividade en redes sociais, o que converteu algún deles nun referente a nivel nacional. Non en balde, no caso de Twitter, o conxunto dos participantes en *#NeThinking* suma arredor de 500.000 seguidores, o cal dá unha idea do destacado papel que teñen nesta contorna que revolucionou os usos e costumes da comunicación.

#### **Máis de 160 días de actividade**

O 29 de maio de 2010 presentábase o proxecto Illa do Pensamento, co obxecto de constituír en San Simón un lugar de referencia nacional e internacional no ámbito da reflexión, a estratexia, a arte, a formación e, en xeral, no ámbito da cultura. Ao longo deste primeiro anoponse a marcha o proxecto, que engloba un total de 44 actividades nas cales interveñen persoas de ata 22 países diferentes de Europa e América. Ao tempo, profúndase na constitución dunha rede de organismos e institucións colaboradores que se dará en chamar o Arquipélago do Pensamento, cunha quincena de convenios con institucións universitarias e do ámbito da comunicación de España, Arxentina, México e Estados Unidos.

Para o ano 2011, deséñase unha programación de maior impacto, sustentada nunha ampliación da rede de convenios da Fundación e que leve a illa de San Simón a alcanzar dous obxectivos: o seu uso continuado ao longo do ano; e a vinculación das actividades co enorme valor patrimonial e a extraordinaria beleza do espazo. A Illa do Pensamento contará ao longo deste ano con máis de 160 días de actividade, albergará foros de debate, concertos, ciclos culturais, reunións, seminarios, etc.; dará continuidade a accións emprendidas no ano 2010 e desempeñaranse outras novas.

En primeiro lugar, organizarase no mes de xullo o *II Encontro Internacional Estrategar*, organizado polo Foro Iberoamericano sobre Estratexias de Comunicación (FISEC) e a Fundación Illa de San Simón. Esta cita contará coa asistencia de destacados pensadores e expertos de diversas universidades españolas e do estranxeiro, co fin de debater na procura dunha teoría da estratexia ao servizo dos directivos e responsables do ámbito político, económico, social e cultural.

---

Ademis, no mes de setembro terá lugar o *II Foro Internacional sobre Comunicación Social*, organizado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e a Fundación Illa de San Simón, que ten como obxectivo debater sobre diversos aspectos vinculados ao xornalismo e a comunicación. A primeira edición, que se centrou no 'Presente e Futuro da Figura Profesional do Xornalista', conseguiu reunir expertos de 15 universidades de oito países latinoamericanos, así como profesionais de diversos medios de comunicación e outras organizacións.

Doutra banda, ao longo deste ano 2011 desenvolveranse novas actividades, entre as que destacan *NeuroMagic 2011*, *Polo de Reflexión Xeopolítica* e Foro Internacional de Festivais e Feiras de Música, entre outras.

-*NeuroMagic 2011 - Os enganados da mente*. Este encontro ten como obxectivo reunir en San Simón neurocientíficos e ilusionistas, baixo a dirección dos doutores Susana Martínez-Conde e Stephen Macknik, responsables do Laboratory of Visual Neuroscience no Barrow Neurological Institute de Phoenix, en Estados Unidos. As investigacións do seu equipo céntranse nas bases neurais da experiencia visual e o estudo do nexos entre ilusións e realidade na fronteira ente a arte e a ciencia, especificamente entre neurociencia e maxia. Os seus traballos publicáronse nas revistas académicas máis importantes, así como en revistas de divulgación científica, como *Scientific American*, *Investigación e Ciencia*, e *Quo*. O evento está previsto para o mes de maio, e virará ao redor desta nova disciplina, avalada polos citados doutores como *NeuroMagic*. Ao encontro asistirán algúns dos máis reputados neurocientíficos e magos a nivel mundial.

- *Polo de Reflexión Xeopolítica: por unha xeopolítica europea*. O obxectivo é celebrar en San Simón unha reunión a nivel europeo na cal participarán expertos en estratexia pertencentes aos sectores político, militar, social, económico etc. O encontro está previsto para o mes de abril e colaboran na súa organización a revista española de divulgación científica *Tendencias21*, a revista francesa *Automates Intelligents*, así como o Institut Choiseul, a Chaire d'Intelligence e a Société d'Etudes Internationales.

- Festival Vigo Transforma: Foro Internacional de Festivais e Feiras de Música

- Celebración de diversas actividades divulgativas como o *Forum Cicerón 2011*, previsto para o mes de abril; e o programa *Salto Youth - Get In Net*, iniciativas dirixidas cara ao emprego da mocidade, organizado pola Comisión Europea, a Dirección Xeral de Xuventude e INJUVE.